

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ANUNCIA O PRAZO DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA DE USUARIOS/AS DAS GALESCOLAS PARA O CURSO 2008/2009.

A Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar anuncia a apertura do prazo para a preinscrición e matrícula nas Galescolas de: A Laracha, Gondomar, Nigrán, Rois, Salceda de Caselas, Santiago-San Roque, Soutomaior e Vigo-Rúa Palencia.

O prazo de preinscrición para novas/os usuarias/os é do **14 ao 28** de xullo.

As instancias poden recollerse nos seguintes enderezos e horarios:

A Laracha: Edificio Servizos Múltiples. Avda. Dr. López Astray, 20. De 9h a 14h e de 15.30h a 18.30h.

Gondomar: Casa da Cultura. Centro de información á muller. R/ Portugal, 6. De 9h a 14h e de 15.30h a 18.30h.

Nigrán: Concello de Nigrán. Rexistro. Pr. da Constitución, 1. De 9h a 14h e de 15.30h a 18.30h.

Rois: Galescola de Rois. Edif. Multiusos. Lugar Infesta, s/n.15911 Rois. De 9h a 14h e de 15.30h a 18.30h.

Salceda de Caselas: Casa do Concello (oficina ao lado da Policía Local), Praza do Concello, s/n. De 9h a 14h e de 15.30h a 18.30h.

Santiago-San Roque: Galescola San Roque. Rúa das Rodas, s/n. De 9h a 14h e de 15.30h a 18.30h.

Soutomaior: Multiusos de Arcade. Peirao, 8. De 9h a 14h e de 16h a 19h.

Vigo-Rúa Palencia: Galescola. Rúa Palencia, 32. De 9h a 14h e de 15.30h a 18.30h.

A lista provisional de admitidas/os e excluídas/os publicarase o **30 de xullo**. O prazo de reclamacións é de **10 días hábiles** contados desde o día seguinte da súa publicación. A lista definitiva de admitidas/os excluídas/os farase pública o **18 de agosto**.

O prazo de matrícula será do **19 ao 27 de agosto** nas oficinas habilitadas en cada concello.

Para estas galescolas, o curso escolar comezará o vindeiro mes de setembro.

As listas provisionais e as listas definitivas colgaranse nos taboleiros de anuncios dos respectivos concellos, nas Galescolas e na páxina web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: www.igualdadebenestar.org



Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2008

Lois Pérez Castrillo
Xerente

Este documento é unha copia do orixinal, que está no arquivo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.